

COMPETENCIAS: BAILEMOS NÓS JA TODAS TRES, AI AMIGAS

BAILEMOS NÓS **JA** TODAS TRES, AI AMIGAS

Bailemos nós **ja** todas tres, ai amigas,
so aquestas avelaneiras frolicas,
e quen for velida como nós, velidas,
se amigo amar,
so aquestas avelaneiras frolicas
verrá¹ bailar.

Bailemos nós **ja** todas tres, ai irmanas,
so aqueste ramo d' estas avelanas,
e quen for **louçana** como nós, **louçanas**,
se amigo amar,
so aqueste ramo d'estas avelanas
verrá¹ bailar.

Por Deus, ai amigas, mentr' al² non **fazemos**
so aqueste ramo frolico bailemos,
e quen ben **parecer** como nós **parecemos**,
se amigo amar,
so aqueste ramo, sol que nós bailemos,
verrá¹ bailar.

Airas Nunez

¹verrá: virá

²al: outra cousa

<http://sondepoetas.blogspot.com.es/2008/06/bailemos-ns-ja-todas-tres-ai-amigas.html>

LECTURA E COMPRENSIÓN DO TEXTO

1. **Recita esta cantiga** de amigo **intentando pronunciar ao estilo medieval**. Ollo coas palabras en grosa:
 - a) **ja** pronunciaríase seguramente sonora **[ʒ]**;
 - b) **louçana** e **louçanas**, tería unha sibilante xorda pronunciada **[ts]**;
 - c) **fazemos**, sería con sibilante sonora **[dz]**;
 - d) e **parecer** e **parecemos** pronunciaríase xorda **[ts]**.

2. **Indica a modalidade** ou **tipo** desta cantiga de amigo:
- a) é unha bailada posto que a moza baila soa mentres agarda polo amigo;
 - b) é unha alba porque as mozas bailan debaixo dunha abeleira florida pola mañá cedo;
 - c) é unha bailada dado que a moza baila coas súas irmás ou amigas para celebrar a alegría de sentirse namorada;
 - d) é unha cantiga de romaría xa que a abeleira debaixo da que bailan as amigas está situada ao lado dun santuario ou ermida;
 - e) é unha mariña pois a escena de baile ten lugar preto do mar;
3. **Marca** a palabra que **significa o mesmo** que ***louçana***:
- a) vizosa;
 - b) xenerosa;
 - c) débil;
 - d) simpática;
 - e) amable.
4. **Transforma o poema de Airas Nunez nun rap** e interprétao diante dos compañeiros e compañeiras. Podes introducir música ou outros elementos se cres que van enriquecer artisticamente a actuación.